



## Os soños de Román

POR FRANCISCO PUÑAL SUÁREZ

O emblemático Mesón do Forno, situado na rúa do Río Ser, 12-14, de Lugo, e fundado por Suso Carreira o 7 de febreiro de 1976, é un referente cultural da cidade, ao realizar exposicións artísticas, ademais de ofrecer gastronomía galega e árabe.

Durante o mes de febreiro, o local acollerá a obra de Román Montesinos, fotógrafo galego, xeólogo e profesor da Universidade da Coruña, da Facultade de Ciencias da Educación, que dará rendas soltas aos seus soños coa exposición de 25 imaxes: *Onirismos con certa asepsia*.

Á calidade artística e fotográfica das imaxes de Román Montesinos, únese a súa desbordante imaxinación, que con humor e retranca, e dun xeito poético e filosófico, trata os temas máis diversos da realidade. Nada é banal para Román e sorprende ver cómo as súas fotos, onde emprega os máis variados obxectos para expresar os seus conceptos,

amósannos un mundo singular que nos fai exercitar a mente. Román ratifica coas súas fotos que o humor é un asunto moi serio.

Como expresou a xornalista Marta García Márquez, as fotos de Román levan ao espectador polos camiños do humor e a ironía, facendo un paralelismo en imaxes ao que Gómez da Serna, coas súas *Greguerías*, realizaba coas palabras.

Estamos ante un artista de mente inqueda ao que a súa actividade profesional como xeólogo especializado na paleontoloxía dálle certa vantaxe, xa que está moi afeito ver cousas, a evidenciar detalles e buscar analoxías, que a xente non observa normalmente, e isto envórcao na realización da súa obra fotográfica.

Temos que festexar esta exposición -a cuarta en Galicia- dun talento que vai en ascenso e que pon no alto a concepción artística da fotografía galega.

